



# Grilo femia

MONA LISA

Hoxe na aula da CiberCaixa Mallos da Coruña podemos coñecer ao grilo femia Mona Lisa, un insecto que salta e ata é considerado... un alimento moi nutritivo para algunhas culturas! Para moitos é símbolo de boa sorte, como ocorre na peli Mulán co grilo que lle regala a súa avoa para darlle sorte. Pero tamén adoita ser odiado polos sons que pode emitir o grilo macho nunha noite calorosa na que os humanos tentamos durmir. Na natureza un grilo pode vivir tan só de 3 a 12 meses, depende da especie.

## Onde vive?

O grilo vive en lugares de todo o planeta, excepto nas rexións moi frías.

## Aspecto físico

- Corpo cilíndrico e forte.
- Cabeza de forma redondeada, con antenas longas e delgadas e ollos compostos.
- Mide entre dous e cinco cm. E pesa entre un e 10 gramos.
- As patas traseiras están máis desenvolvidas e posibilitánlle dar saltos. Pero tamén se desprazan con movementos curtos e bruscos.
- A femia ten unha estrutura no abdome chamada ovopositor.
- Conta cun aparello bucal utilizado para triturar os alimentos.
- Captan os sons a través dos tímpanos situados nas patas.

## Temperatura

A cantidade de sons que un grilo emite por minuto permite calcular a temperatura exterior. Para isto desenvolveuse ata unha lei, a de Dolbear

## Que come?



Este insecto omnívoro válese das súas antenas para detectar alimentos. A súa dieta está formada, principalmente, por:

- Materia vexetal en descomposición
- Follas tenras
- Fungos
- Froitas
- Pequenos insectos
- Vermes

## Pelexas



Nalgúns países, sobre todo de Asia, organízanse pelexas de grilos.

## Alimento


Estímase que inxerir grilos proporciona máis do dobre de proteínas que a carne vermella. É un alimento saudable e nutritivo, que achega os nove aminoácidos esenciais.



# O grilo femia Mona Lisa

Le os seguintes enunciados e sinala se as afirmacións son VERDADEIRAS (V) ou FALSAS (F).

- 1.- O grilo vive en lugares de todo o planeta, excepto nas rexións moi frías.
- 2.- Estímase que inxerir grilos proporciona máis do dobre de proteínas que a carne vermella
- 3.- A cantidade de sons que un grilo emite por minuto permite calcular a temperatura exterior.
- 4.- Na natureza un grilo pode de 24 a 46 meses, depende da especie.
- 5.- Todos os grilos sexan machos o femias poden cantar
- 6.- Os grilos teñen os tímpanos nas antenas da cabeza



7.- Mirade o seguinte vídeo:

8.- Como sabedes, a lenda é un relato baseado na realidade que integra elementos ficticios. Cal pode ser a parte real desta lenda boliviana "A avoa grilo"? Cal crees que é a parte ficticia da lenda?



REAL

FICTICIO

